ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos conclusos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

CONSIDERANDO a necesidade de proceder á aprobación do Plan Único de Concellos (POS+ Adicional 2/2026 cuxa data límite de presentación ante a Deputación Provincial é o 18/09/2026 e polo tanto non resulta posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario previsto para o día 24/09/2026.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 14/09/2026
Hora: 08:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 09:30 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.
Orde do día:

PARTE RESOLUTORIA

1º.- Aprobar se procede a participación do Concello na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) " POS + ADICIONAL 2/2026", da Deputación Provincial da Coruña (EXP. 2026/A008/000020)

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (https://sede.oroso.gal/opencms/gl/) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real

CVD: JLyDQVYbCcgU/Pi4eUdG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

CVD: JLyDQVYbCcgU/Pi4eUdG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/